

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ORDE do 6 de xullo de 2021 pola que se establecen os modelos normalizados de declaración de existencia de pataca en almacén e declaración de cultivo de pataca ao abeiro da Resolución do 8 de marzo de 2017, pola que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementan as medidas para a erradicación e o control con respecto ao organismo de corentena *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca na Comunidade Autónoma de Galicia (códigos de procedemento MR465B e MR465C).*

A praga denominada couza guatemalteca da pataca, provocada polo organismo nocivo denominado *Tecia solanivora Povolny* ou *Scrobipalposis solanivora Povolny*, foi detectada na Comunidade Autónoma de Galicia en agosto do ano 2015. A Resolución do 16 de outubro de 2015, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, declarou a presenza da praga de corentena denominada *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca, estableceu as zonas demarcadas para esta praga e adoptou medidas urxentes para a súa erradicación e control na Comunidade Autónoma de Galicia.

A través de diversas resolucións da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias declarouse a presenza da praga e establecéronse as zonas demarcadas e as medidas urxentes de obrigado cumprimento, tanto para produtores profesionais e de autoconsumo deste tubérculo coma para os puntos de venda de pataca de semente.

Con data do 4 de marzo de 2017 publicouse o Real decreto 197/2017, do 3 de marzo, polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación de *Tecia (Scrobipalposis solanivora Povolny)*. Neste real decreto establécese que nas comunidades autónomas onde o cultivo da pataca sexa feito de forma maioritaria nun gran número de parcelas pequenas, repartidas irregularmente por todo o territorio, e por agricultores non profesionais que dedican toda a súa produción ao autoconsumo ou á venda directa en mercados locais, poderán redefinirse as zonas infestadas para adaptalas ao seu territorio, ampliándoas, se for o caso, a todo o termo municipal.

En virtude de diversas resolucións da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias declarouse a existencia da praga e establecéronse as zonas demarcadas e as medidas de obrigado cumprimento. Dentro destas medidas estableceuse a necesidade de que as persoas das parroquias pertencentes ás zonas infestadas indi-



cadras na correspondente resolución deban presentar unha declaración das existencias de pataca almacenada en almacén para os efectos de que os servizos oficiais procedan á súa retirada e destrución, por considerarse este tubérculo como material contaminado por este organismo nocivo. Así mesmo, as persoas agricultoras de todas as zonas tampón declaradas en Galicia deberán comunicar, inmediatamente despois da sementeira, todas as parcelas cultivadas con pataca.

En consecuencia, facendo uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto*

Aprobar os modelos normalizados de declaración de pataca en almacén e declaración de cultivo de pataca para os efectos da Resolución do 8 de marzo de 2017 pola que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementan as medidas para a erradicación e o control con respecto ao organismo de corentena *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca na Comunidade Autónoma de Galicia, que se establecen como anexo I e anexo II desta orde (códigos de procedemento MR465B e MR465C).

##### Artigo 2. *Forma de presentación das declaracións de pataca almacenada en zonas infestadas e declaración de cultivo de pataca en zonas tampón*

A presentación da declaración de pataca almacenada en zonas infestadas e da declaración de cultivo de pataca en zonas tampón realizarase preferentemente a través de medios electrónicos con los formularios normalizados MR465B e MR465C, respectivamente, dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.

As persoas interesadas deberán cumprir o establecido nos artigos 14, 16 e 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e así mesmo, ao abeiro do artigo 10.1.a) e c) da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas traballadoras autónomas (persoas físicas) e as persoas que as representen, para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional, estarán obrigadas a relacionarse a través dos medios electrónicos para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo no ámbito do sector público autonómico:



As comunicacións presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados (anexo I e anexo II) dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

O prazo de presentación dos formularios será establecido mediante a resolución da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, as persoas físicas que sexan traballadoras autónomas e as persoas representantes dunha das anteriores.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerase como data de presentación da solicitude aquela en que for realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica (persoas físicas que non sexan traballadoras autónomas), opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado (anexo I e anexo II ) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

### Artigo 3. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou deixen de efectuar por medios electrónicos.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario. No caso de optar pola notificación en



papel, efectuarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións na conta de correo e/ou teléfono móbil que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos, deberán optar en todo caso, no formulario, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou for expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 4. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) Consulta do DNI/NIE da persoa declarante.
- b) Consulta do DNI/NIE da persoa representante (se for o caso).
- c) Consulta do NIF da entidade declarante para as persoas xurídicas.
- d) Consulta do NIF da entidade representante para as persoas xurídicas (se for o caso).



2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 5. *Trámites administrativos posteriores á presentación da declaración*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permítelles ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica, tamén poderán realizarse eses trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Disposición adicional única. *Actualización de modelos normalizados*

De conformidade coa disposición adicional sexta da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, os modelos normalizados aplicables na tramitación dos procedementos regulados nesta disposición poderán ser actualizados co fin de mantelos adaptados á normativa vixente. Para estes efectos será suficiente a publicación dos modelos actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas, sen que sexa necesaria unha nova publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2021

José González Vázquez  
Conselleiro do Medio Rural




**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
EXISTENCIAS DE PATACA EN ALMACÉN	<b>MR465B</b>	DECLARACIÓN


DATOS DA PERSOA DECLARANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.	
<input type="radio"/> <b>Electrónica</b> , a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.	
<input type="radio"/> <b>Postal</b> (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).	
TIPO	NOME DA VÍA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR
<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/>

EXISTENCIAS DE PATACA	CANTIDADE	
	TIPO	
SEMENTE	KG	Nº DE SACOS
CONSUMO		


**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: i95c2dw3-pgb9-4wn8-pzu2-l2bozbshtq9


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

**ANEXO I**  
 (continuación)



<b>LUGAR DE ALMACENAMENTO DA PATACA</b> (só no caso de que a localización non coincida coa dos datos persoais)					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		

<b>COMPROBACIÓN DE DATOS</b>	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa declarante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b>	
A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade declarante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

<b>INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS</b>	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa declaración para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúense na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

<b>LEXISLACIÓN APLICABLE</b>
Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal. Real decreto 197/2017, do 3 de marzo, polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación de <i>Tecia (Scrobipalopsis) solanivora (Povolny)</i> . Orde do 6 de xullo de 2021 pola que se establecen os modelos normalizados de declaración de existencia de pataca en almacén e declaración de cultivo de pataca ao abeiro da Resolución do 8 de marzo de 2017, pola que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementan as medidas para a erradicación e o control con respecto ao organismo de corentena <i>Tecia solanivora Povolny</i> ou couza guatemalteca da pataca na Comunidade Autónoma de Galicia (códigos de procedemento MR465B e MR465C). Resolucións da Consellería do Medio Rural.

<b>SINATURA DA PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE</b>
Lugar e data
<input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>


 Xefatura Territorial de 

**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: i95c2dw3-pgb9-4wn8-pzu2-l2bozbshtq9


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
CULTIVO DE PATACA REFERENCIA SIXPAC DAS PARCELAS CULTIVADAS	<b>MR465C</b>	DECLARACIÓN

<b>DATOS DA PERSOA DECLARANTE</b>							
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>					
Enviarase avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:					
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
<b>ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE</b>					
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.					
<input type="radio"/> <b>Electrónica</b> , a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.					
<input type="radio"/> <b>Postal</b> (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA	LUGAR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		

Código de explotación no Rexistro (Reaga):	<input type="text"/>
--	----------------------

PARCELAS CULTIVADAS CON PATACA								
(SE É O CASO) COORDENADAS UTM X/Y	CÓDIGO PROVINCIA	CONCELLO	POLÍGONO	PARCELA	RECINTO	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )	SUPERFICIE SEMENTADA (m <sup>2</sup> )	VARIETADE
/								
/								
/								
/								






**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

**ANEXO II**  
 (continuación)


LUGAR PREVISTO DE ACOPIO E ALMACENAMENTO DA PATACA RECOLLIDA							
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA		LUGAR					
<input type="text"/>		<input type="text"/>					
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			


COMPROBACIÓN DE DATOS	
Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa declarante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade declarante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa declaración para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

LEXISLACIÓN APLICABLE
Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal. Real decreto 197/2017, do 3 de marzo, polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación de <i>Tecia (Scrobipalopsis) solanivora (Povolny)</i> . Orde do 6 de xullo de 2021 pola que se establecen os modelos normalizados de declaración de existencia de pataca en almacén e declaración de cultivo de pataca ao abeiro da Resolución do 8 de marzo de 2017, pola que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementan as medidas para a erradicación e o control con respecto ao organismo de corentena <i>Tecia solanivora Povolny</i> ou couza guatemalteca da pataca na Comunidade Autónoma de Galicia (códigos de procedemento MR465B e MR465C). Resolucións da Consellería do Medio Rural.

SINATURA DA PERSOA DECLARANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data
<input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>


---

 Xefatura Territorial de 

**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**ANEXO III**

Todo produtor que realice a declaración de cultivo de pataca presentará o modelo de comunicación no cal indicará a totalidade das referencias Sixpac das parcelas de pataca que cultiva na zona demarcada.

Formalización dos datos solicitados no impresos.

Identificador da persoa produtora/cultivadora.

– Enténdese a identificación da persoa produtora como cultivadora, independentemente da persoa propietaria da parcela.

– Indicarase o código da explotación agraria (CEA) se está inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga).

Parcelas de cultivo de pataca:

– Indicarase a referencia Sixpac das parcelas e a súa superficie, e a superficie sementada se é cultivada en parte.

– Para parcelas nas cales non conste referencia Sixpac rústica (solo urbano, núcleo, etc.) pode referenciarse a coordenada UTM do recinto.

– Os datos indicaranse nas diferentes celas deste impreso de acordo cos seguintes criterios: a superficie en metros cadrados (m<sup>2</sup>).

